XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA

Visto o anteproxecto de Lei de caza de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

I. Competencia e marco legal aplicable.

O artigo 148.1.11º da Constitución española de 1978 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias, entre outras, na materia de "pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial".

No ámbito autonómico, o artigo 27.15 do Estatuto de autonomía para Galicia (EAG) atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia unha competencia exclusiva en materia de caza.

Así mesmo, cómpre ter en conta que a materia de caza garda intima relación co medio ambiente. No que atinxe a este último, cabe lembrar que o artigo 149.1.23º CE atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de "lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección", e o artigo 27.30º EAG atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de "normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23º CE".

Ao abeiro desa competencia, aprobouse, na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, desenvolvida polo seu regulamento, aprobado polo Decreto 284/2001, do 11 de outubro.

Tales competencias son exercidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, en virtude do sinalado no artigo 1 do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, consonte ao cal dita consellería é "o órgano da administración da comunidade autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ... conservación da natureza ... consonte ao establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española ...".

100% Ecolóxico

II. Xustificación do anteproxecto.

Tal e como se sinala na súa exposición de motivos, Galicia experimentou unha transformación acelerada na súa paisaxe agraria nos últimos anos que mudaron substancialmente os compoñentes do territorio e, polo tanto, as condicións dos hábitats, que derivaron no incremento das poboacións dalgunhas especies en detrimento de outras.

Nestas circunstancias, e dado que a superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80% do territorio galego, a caza cobra un singular protagonismo no control de determinadas poboacións de especies silvestres para lograr un equilibrio ecolóxico fundamental no normal desenvolvemento dos ecosistemas naturais, transcendendo da súa condición deportiva e lúdica.

Ademais diso, a caza móstrase como un instrumento de grande interese para o desenvolvemento económico de amplas zonas do territorio, non só pola entidade dos recursos que promove, senón tamén porque o fai nun medio social no que resulta especialmente interesante crear riqueza, dadas as poucas alternativas produtivas de que dispón, e que pode poñer freo así ao despoboamento do medio rural.

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, aínda que modificada parcialmente polas Leis 6/2006, do 23 de outubro e 2/2010, do 11 de febreiro, non puido facer fronte ao conxunto de problemas que formula a caza na actualidade, polo que resulta necesaria unha nova lei que mellore a anterior, que saiba adaptarse á realidade e que se poña en sintonía con outras disposicións autonómicas.

Os piares básicos nos que se fundamenta o anteproxecto de lei de caza de Galicia son os seguintes:

-Tender a unha caza máis ética e responsable.
-A sostibilidade da caza en harmonía co medio natural no que se desenvolve.
-A mellora da calidade dos instrumentos de ordenación, como a mellor garantía da sostibilidade.
-Unha distribución máis xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas.
-A seguridade na actividade cinexética, non só para os cazadores, senón tamén para os demais usuarios do monte.
-A dinamización económica do mundo rural a través da explotación cinexética.
-O establecemento dun réxime sancionador claro e preciso.

100% Ecolóxico

III. Contido e estrutura.

Polo que respecta á estrutura da Lei, esta consta de noventa e cinco artigos, agrupados en seis títulos, cinco disposicións adicionais, catro transitorias, unha derrogatoria e unha disposición final.

O Título I (artigos 1 a 5) leva por rúbrica "Disposicións xerais" e regula cuestións relativas ao obxecto e finalidade da lei, á definición da acción de cazar, ao obxecto da caza, á competencia en materia de caza e á propiedade das pezas de caza.

O Título II (artigos 6 a 44) refírese á Clasificación dos terreos e se divide en cinco capítulos relativos aos terreos cinexéticos, aos terreos non cinexéticos, aos cercados, ás zonas de seguridade e, por último, ás zonas de adestramento e de caza permanente e a sinalización dos espazos cinexéticos.
O Capítulo I refírese aos terreos cinexéticos, entendidos como aqueles nos que está permitida a caza, que se clasifican en terreos cinexéticos sometidos a réxime común e terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.
Os primeiros son aqueles espazos nos que o exercicio da caza pode realizarse por todos os cazadores e, á súa vez, se clasifican en zonas libres e zonas de exclusión.
Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado ás persoas que ostentan a titularidade cinexética sobre os mesmos, con exclusión de todos os demais, e que se encadran nas seguintes categorías: terreos cinexéticos ordenados (TECOR), reservas de caza, terreos cinexético – deportivos e explotacións cinexéticas comerciais.
O Capítulo II regula os terreos non cinexéticos, que son aqueles nos que se estableza a prohibición de cazar e que poden clasificarse en refuxios de fauna, zonas habitadas, áreas industriais e outros terreos non cinexéticos que sexan declarados como tales.
O Capítulo III refírese aos cercados, establecendo a súa definición e categorías (cercados cinexéticos e zonas de aclimatación).
As zonas de seguridade son obxecto de regulación no Capítulo IV do anteproxecto de lei, en tanto que o Capítulo V dedícase ás zonas de adestramento e de caza permanente e a sinalización dos espazos cinexéticos.

O Título III (artigos 45 a 54) leva por rúbrica "A ordenación e aproveitamento cinexéticos" e estrutúrase en tres capítulos relativos, respectivamente, á ordenación cinexética, á execución da ordenación da caza e á resolución anual, e recolle o interese da lei nunha ordenación totalmente rigorosa para a protección e defensa dos valores naturais da caza, afondando nos valores de sostibilidade das poboacións e do medio e da posta en valor da caza como recurso económico.

100% Ecolóxico

O Título IV (artigos 55 a 74) regula o exercicio da caza mediante a súa división en cinco capítulos referidos ao/á cazador/a, requisitos, licenzas e responsabilidade; ás prohibicións en relación coas armas, municións e dispositivos auxiliares; á protección das pezas de caza e autorizacións especiais; ás modalidades de caza; e á vixilancia e o coidado da caza.

O Título V, baixo a rúbrica "As entidades colaboradoras e os órganos consultivos" consta unicamente de tres artigos referidos ás entidades colaboradoras, aos órganos consultivos (Comité Galego de Caza e comités provinciais de caza) e á Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.

O Título VI (artigos 78 a 95) contén unha regulación detallada do réxime sancionador a través da súa estruturación en sete capítulos nos que se prevén as medidas provisionais, os suxeitos responsables, as infraccións, as sancións, o procedemento e a competencia, a executividade da resolución sancionadora e o Rexistro de Infractores/as de Caza.

Completan o texto do anteproxecto de lei, cinco disposicións adicionais, catro transitorias, unha disposición derrogatoria e unha disposición final única.

As disposicións adicionais refírense a determinadas exclusións do ámbito competencial da lei, á actualización do importe das multas pecuniarias, ao sentido do silenzo, á perspectiva de xénero e principio de igualdade e á Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.

As disposicións transitorias contemplan o réxime transitorio específico aplicable a determinadas explotacións cinexéticas comerciais e determinados terreos cinexéticos ordenados, aos procedementos sancionadores en tramitación, e aos comités de caza.

Por último, o texto conta cunha disposición derrogatoria e unha final, relativa á entrada en vigor da norma.

IV. Tramitación.

A tramitación do anteproxecto de lei de caza de Galicia foi iniciada pola extinta Consellería do Medio Rural, mediante a elaboración, para tal efecto, dun borrador de anteproxecto, unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e unha memoria económico – financeira asinadas polo director xeral de Conservación da Natureza o 12 de decembro de 2011.

A continuación, acordouse a apertura do trámite de audiencia aos sectores interesados e o sometemento a información pública do borrador de anteproxecto, mediante anuncio do 23 de decembro de 2011, da Secretaría

100% Ecolóxico

Xeral Técnica da extinta Consellería do Medio Rural, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 5, do 9 de xaneiro de 2012.

Como consecuencia da nova estrutura orgánica das consellerías establecida polo Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, ata entón dependente da Consellería do Medio Rural, pasa a adscribirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Co fin de garantir unha ampla participación da cidadanía, o borrador do anteproxecto de lei de caza de Galicia someteuse novamente a información pública, mediante anuncio do 17 de xaneiro de 2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O resultado do trámite de información pública reflíctese no informe emitido polo director xeral de Conservación da Natureza do 31 de maio de 2012, no que se analiza polo miúdo o conxunto das alegacións presentadas.

Así mesmo, ordenouse a publicación do borrador de anteproxecto de lei na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tal e como consta no certificado emitido pola funcionaria responsable o 1 de xuño de 2012.

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, a Secretaría Xeral de Igualdade, con data do 13 de xuño de 2012, emitiu o preceptivo informe sobre o impacto de xénero, no que suxire, en relación co Comité Galego de Caza e cos comités provinciais, a introdución do obxectivo da composición equilibrada de mulleres e homes; a inclusión dunha disposición adicional na que se recolla o obxectivo da igualdade de xénero nas accións que a Administración poida desenvolver coa caza; e recomenda evitar determinadas expresións sexistas empregadas no texto do anteproxecto de lei.

Constan no expediente informes favorables da Dirección Xeral de Orzamentos emitido o 27 de xullo de 2012 e da Dirección Xeral de Tributos do 12 de marzo de 2012, así como a acta na que se certifica que o texto foi sometido a informe da Comité Galego de Caza.

A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia emitiu informe ao respecto o 30 de xullo de 2012, formulando unhas observacións co fin de mellorar a redacción do texto orixinario e propoñendo a incorporación dalgunha deles ao proxecto con igual fin.

A maior parte das observacións e suxestións formuladas foron incorporadas ao contido do anteproxecto, en tanto que a non aceptación dalgunha delas se xustifica no informe emitido polo director xeral de Conservación da Natureza o 19 de decembro de 2012.

100% Ecolóxico

Como consecuencia da valoración das alegacións formuladas e dos informes emitidos, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas confecciona o presente anteproxecto.

V. Legalidade e oportunidade.

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumprindose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido ao Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto de lei, logo do ditame do Consello Económico e Social.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O secretario xeral técnico

José Antonio Fernández Vázquez

100% Ecolóxico